

## AVISO

### **PROGRAMA DE AXUDAS NOS ALUGUEIROS DE VIVENDA HABITUAL PARA MINIMIZAR O IMPACTO ECONÓMICO E SOCIAL DA COVID-19**

O Instituto Galego de Vivenda e Solo publicou o día 6 de abril de 2021 a Resolución do 26/02/2021 pola que se establecen as bases reguladoras do **Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da Covid-19 nos alugueiros de vivenda habitual.**

**Prazo de presentación:**  
**Ata o 30 de setembro de 2021.**

**Requisitos:**

- Ter nacionalidade española ou residir legalmente
- Ser titulares, en calidade de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano.
- Que a vivenda arrendada constituía a residencia habitual e permanente.
- Estar ao día do pagamento da renda do alugueiro correspondente ás 3 últimas mensualidades.
- Estar en situación de vulnerabilidade económica.

**Contías das axudas:**

Será de 500 euros mensuais, sen que en ningún caso poida exceder o importe da renda do contrato, polo prazo en que se acredite estar en situación de vulnerabilidade como consecuencia da Covid-19, durante un período máximo de 6 meses.

**Documentación:**

- Contrato de alugamento da vivenda.
- Extractos ou certificados bancarios acreditativos do pagamento das últimas 3 mensualidades da renda.
- Anexo II.
- Documentación acreditativa dos ingresos correspondente ao mes anterior ao da presentación da solicitude.
- Outra documentación que acredite a situación de vulnerabilidade.

**Para obter máis información pode acudir ao Departamento de Servizos Sociais do concello ou chamar ao número de teléfono 988 25 93 85.**

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

**O alcalde, Luís Menor Pérez.**

---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

